



## Concello de Viveiro

### **ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

### **SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CORRESPONDENTE AO DÍA VINTE E OITO DE NOVEMBRO DE 2016 .**

#### **CONVOCADOS:**

D. JESÚS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL.  
D<sup>a</sup>. MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ  
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ  
D<sup>a</sup>. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA  
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

#### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup>. MARILUZ BALSA RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 28 de novembro de 2016, baixo a Presidencia do 1<sup>o</sup> Tenente de Alcalde (D. Jesús Fernández Cal), en substitución da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D<sup>a</sup>. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA E D<sup>a</sup>. MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ.

A Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, manifesta verbalmente que se atopa ausente nesta data do termo municipal. Non téndose conferido delegación segundo o disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. En virtude do disposto no referido artigo, nestes supostos será substituído nas súas funcións polo 1<sup>o</sup> tenente de alcalde.

Á hora sinalada para este acto polo 1<sup>o</sup> Tenente de Alcalde, D. Jesús Fernández Cal, declárase aberto o mesmo.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN**

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

### **CELEBRADA O DÍA 21-11-2016.**

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión celebrada o día 21 de novembro de 2016.

### **2.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN**

#### **EXPTE. 3162/2016.**

Visto o expediente de contratación CT 2016/9, correspondente á tramitación do contrato mediante procedemento negociado sen publicidade do contrato de suministro denominado “Subministración de dous vehículos para brigada de obras do Concello de Viveiro”.

Visto o informe emitido polo encargado do Servizo de Contratación, no que se constata que na Xunta de Goberno Local de data 24 de outubro de 2016 se acordou a invitación a catro empresas e foron cursadas as invitacións e que ningunha das empresas invitadas presentou proposición para participar no procedemento.

Vista a proposta da Alcaldía de invitación a máis empresas para participación no procedemento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Solicitar a presentación de ofertas ás seguintes empresas, outorgándolles un prazo de cinco días naturais para a súa presentación, tal e como establece a cláusula décimo novena do prego de cláusulas administrativas particulares, do que se lles adxunta copia:

- LOUZAO VEHÍCULOS INDUSTRIALES CORUÑA, S.L.U. .- Pg. Piadela, 10-11. 15300- Betanzos (A Coruña).
- GONZACAR, S.L.- Avda. do Cruceiro da Coruña (Boisaca), 236. 15898 – Santiago de Compostela (A Coruña).
- INTURASA PÉREZ RUMBAO, S.A.- Avda. Benigno Rivera, 66 – zona 13. Pol. Ind. O Ceao. 27003 – Lugo.
- TRUCKS GALLARDO, S.L.- Ctra. Nacional VI (Km. 489,500 San Cristobal Chamoso). 27163 - O Corgo (Lugo).
- SERVITRUCKS & CARS LUGO, S.L. - Estrada da Coruña km. 48. 27003 – Lugo.
- IMPORT PÍAS COMPRA VENTA, S.L.- Rúa Perdouro, 35. 27880 – Burela (Lugo).
- VEHÍCULOS INDUSTRIALES DE AVILÉS, S.A. (VEHINSA).- Polígono Industrial Las Arobias. Parcela C-7. 33409 – Avilés (Asturias).
- XACOBEO MOTOR, S.L.- Avda. Cruceiro da Coruña 254. 15890 – Santiago de Compostela (A Coruña).



## Concello de Viveiro

---

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión e a comunicación do presente acordo ao Departamento de Intervención.

### **3.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN EXCEPCIONAL**

#### **EXPTE. 3926/2016.**

Vista a proposta da Concellería de Facenda, para a concesión dunha subvención excepcional por importe de 2.000,00 euros á asociación veciñal "Camiño de Galdo", e na que se sinala o seguinte:

- Que a Asociación vecinal "Camiño de Galdo" presentou un escrito no rexistro municipal, solicitando subvención de 3.000,00 euros para axuda dos gastos de organización da "Feira das maulas" celebrada na parroquia de Galdo o 8 de maio de 2016.
- Que según expón no escrito presentado por D. Franciaco Rivera Trobo, como presidente da Asociación vecinal "Camiño de Galdo", é dita Asociación quen se encarga da organización paa a realización de ditos festexos.
- Que nese mesmo escrito presenta Memoria, presuposto, declaracións xuradas e documentos xustificativos de pagos.
- Que a Disposición adicional segunda da Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Viveiro establece que : "as subvencións que se concedan para custear os gastos tradicionais e populares, ás comisións organizadoras das festas ou ás asociacións, non se someterán ao principio de concurrencia, senón que serán de outorgamento directo, e pro quedan suxeitas á obriga de xustificación".
- Que con cargo á partida 3380-48902 (Subvencións non nominativas a comisións organizadoras de festas) existe a data disponibilidad de crédito, e que esta Concejalía decide dispoñer para esta axuda a cuantía dos créditos iniciais de 2.000,00 euros.

Visto que consta a conformidade de intervención á referida proposta

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar á Asociación veciñal "Camiño de Galdo" unha subvención excepcional de 2.000,00 € con cargo á partida 3380-48902 (Subvenciones non nominativas á comisións organizadoras de festexos).

Segundo.- Antes do pago acreditarase por parte da sociedade que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesoureria para o seu coñecemento e efectos.

### **4.- CONTA XUSTIFICATIVA**

#### **EXPTE. 3928/2016**

Vista a proposta da Concellería de Deportes para a aprobación da conta xustificativa, polo importe total da subvención, e resto de subvención 2016 da Sociedad Deportiva Viveiro, por importe de 2.500,00 euros (a subvención ascendía a un total de 5.000,00 euros, dos cales 2.500,00 euros foron adiantados en concepto de anticipo).

Visto que en data 13 de maio de 2016 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o anticipo estipulado correspondente á subvención do ano actual entre este Concello e a asociación de 2.500,00 euros.

Visto que en data 21 de novembro co número de entrada 2016-RC-E-7621 a citada asociación aporta a documentación para xustificar o convenio de 2016.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3400-48910 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida á Sociedad Deportiva Viveiro para o ano 2016, pola súa totalidade e o outorgamento do resto de subvención (non anticipada) segundo o convenio asinado, por importe de 2.500,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48910.

Segundo.- Antes do pago acreditarase por parte da sociedade que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesoureria para o seu coñecemento e efectos.

#### **EXPTE. 4016/2016**

Vista a documentación xustificativa da subvención concedida ao Club de Balonmano Viveiro para o ano 2016, por importe de 5.000,00 euros.

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

Vista a proposta de aprobación da conta xustificativa da referida subvención, por importe de 5.000,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48910, presentada polo Concelleiro de Deportes, para financiar os gastos da actividade deportiva para a cal foi concedida a subvención.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3400-48910 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao Club de Balonmano Viveiro para o ano 2016, por importe de 5.000,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48910, presentada polo Concelleiro de Deportes, para financiar os gastos da actividade deportiva para a cal foi concedida a subvención.

Segundo.- Antes do pago acreditarase por parte da sociedade que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

### **5.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.**

#### **EXPTE. 4020/2016**

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 4020/2016.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **ASUNTOS INCLUIDOS NA ORDE DO DÍA POR URXENCIA.**

Por parte do 1º Tenente de Alcalde propónse a inclusión na presente sesión da Xunta de Goberno Local, do seguinte asunto de carácter urxente, tendo

---

#### **Concello de Viveiro**

## Concello de Viveiro

---

en conta que se trata dunha obra subvencionada e que debe estar xustificado o acordo de adxudicación da subvención antes do 30 de novembro de 2016:

- Adxudicación do contrato denominado: "Acondicionamento e mellora dos viais de acceso ao casco histórico de Viveiro".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar a urxencia do asunto proposto pola Alcaldía para a inclusión na presente sesión, asunto que se relaciona a continuación, segundo o expediente ao que pertencen:

### EXPTE. 2898/2016

Visto o expediente de contratación CT 2016/11, correspondente á tramitación do contrato "Acondicionamento e mellora dos viais de acceso ao casco histórico de Viveiro".

Visto que na Xunta de Goberno Local, de data 3 de novembro de 2016, se aprobou o expediente de contratación mencionado, mediante procedemento negociado sen publicidade, así como o gasto para realizar a actividade descrita, xunto co prego de cláusulas administrativas particulares e a solicitude de presentación de ofertas a catro empresas.

Durante o prazo outorgado para a presentación de proposicións presentaron ofertas todas as empresas invitadas, coa excepción de "Excavaciones Isidoro, S.L.", presentándose oferta polas seguintes empresas: Carferlo S.L., Villasuso Ortegal S.L. e Excavaciones Ramsei S.L.

Visto que en data 15 de novembro de 2016 se procedeu pola Mesa de Contratación á exclusión do procedemento á empresa "Carferlo, S.L.", por terse presentado oferta de forma telemática en sobre aberto e se procedeu á revisión da documentación administrativa contida nos sobres núm. 1 das empresas "Villasuso Ortegal, S.L." e "Excavaciones Ramsei, S.L.", estimándose correcta, e admitindo as dúas empresas ao procedemento.

Visto que en data 17 de novembro de 2016 pola Mesa de Contratación, se deu conta das ofertas presentadas polas empresas admitidas, procedendo de seguido á súa valoración. Este proceso deu o seguinte resultado:

		OFERTAS (Impostes con IVE)	PUNTOS (Cláusula prego cláusula) 18
VILLASUSO ORTEGAL, S.L.	ECONÓMICA	84.700,00 €	20
	PRAZO	2 meses	30
EXCAVACIONES RAMSEI, S.L.	ECONOMICA	92.028,50 €	18,41
	PRAZO	3 meses	0

---

### Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

Vista a valoración das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación, en sesión de 17 de novembro de 2016, propuxo como adxudicataria do contrato á empresa "*Villasuso Ortegal S.L.*", con CIF núm. B-15.800.907, por un prazo de execución de obra de 2 meses e por un importe total de 84.700,00 €, IVE engadido, propoñendo requirila para a presentación dos documentos previos á adxudicación do contrato, contemplados na cláusula 20 do prego de cláusulas.

Visto que tras o requirimento da documentación, en virtude do establecido no artigo 151.2 do TRLCSP, á empresa "*Villasuso Ortegal S.L.*", esta empresa presentou, en data 28 de novembro de 2016, a documentación requirida, formalizando na Tesourería municipal a garantía definitiva por importe de 3.500,00 euros.

Visto o informe-proposta de adxudicación, emitido por D. José Viveiro Russo, funcionario do Servizo de Contratación, no que se propón adxudicar o contrato de referencia á empresa "*Villasuso Ortegal S.L.*", por un prazo de adxudicación de 2 meses e un prezo total de 84.700,00 €, IVE incluído.

Vistos os informes de Secretaría e Intervención obrantes no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar á empresa "*Villasuso Ortegal S.L.*", con CIF B-15.800.907, o "Acondicionamento e mellora dos viais de acceso ao casco histórico de Viveiro", cun prazo de execución de dous meses e por un prezo total de 84.700,00 euros, IVE incluído, consonte ó seguinte desglose:

Orzamento base	21% IVE	Orzamento total
70.000,00 €	14.700,00 €	84.700,00 €

Segundo.- A formalización deste contrato coa empresa adxudicataria levarase a cabo o vindeiro día 12 de decembro de 2016.

Terceiro.- Notificar este acordo ó adxudicatario e ós licitadores e publicalo no perfil do contratante, así como remitir anuncio referente á formalización do contrato ó Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, así como ó Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

### **6.- ROGOS E PREGUNTAS.**



## **Concello de Viveiro**

---

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte do 1º Tenente de Alcalde levántase a sesión, sendo as 13:45 horas do día 28 de novembro de 2016, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.